

**Servicio 04: Dirección Xeral da Garda Civil**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 222.A «Seguridade cidadá»</i>	
Artigo 19.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 192.	Retribucións en especie:	
	02 Bonificacións .....	52.936.215
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 290.	Arrendamentos:	
	02 Edificios e outras construcións .....	62.346.653
Concepto 291.	Reparacións e conservación:	
	02 Edificios e outras construcións .....	604.916
Concepto 292.	Subministracións e material:	
	00 Enerxía eléctrica .....	322.572
	03 Combustible .....	552.025
	99 Outras subministracións .....	1.736.195
Concepto 293.	Comunicacións:	
	00 Telefónicas .....	207.232.398
	01 Postais .....	3.818.720
	02 Telegráficas .....	64.789
Concepto 296.	Traballos realizados por outras empresas e profesionais:	
	06 Estudos e traballos técnicos ..	362.389
Concepto 297.	Indemnizacións por razón do servizo:	
	00 Axudas de custo .....	210.320.893
	01 Locomoción .....	376.663.648
	02 Traslado .....	300.691.229
	03 Outras indemnizacións .....	7.095.423
Concepto 299.	Outros gastos correntes:	
	00 Transportes .....	668.212
Artigo 39.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 399.	Xuros de demora .....	935.238.323
Artigo 69.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 693.	Investimento de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos .....	49.828.558

**Servicio 05: Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 144.A «Centros e institucións penitenciarias»</i>	
Artigo 19.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 196.	Gastos sociais do persoal:	
	02 Transporte de persoal .....	33.053.675
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Concepto 292.	Subministracións e material:	
	00 Enerxía eléctrica .....	357.233.835
	01 Auga .....	14.398.762
	02 Gas .....	1.718.478
	03 Combustible .....	657.788
	05 Produtos alimenticios .....	83.396.385
	06 Produtos farmacéuticos .....	403.182.840
	20 Material de oficina ordinario non inventariable .....	586.428
	22 Material informático non inventariable .....	12.737
	99 Outras subministracións .....	13.247.065
Concepto 293.	Comunicacións:	
	00 Telefónicas .....	26.780.441
	04 Informáticas .....	6.698.697
Concepto 295.	Gastos diversos:	
	03 Xurídicos, contenciosos .....	10.520.078
Concepto 296.	Traballos realizados por outras empresas e profesionais:	
	06 Estudos e traballos técnicos ..	348.950
Concepto 299.	Outros gastos correntes:	
	00 Transportes .....	409.131
	02 Asistencia sanitaria .....	638.967.726
Artigo 46.	As Corporacións Locais:	
Concepto 469.	Depósitos municipais, obrigas de exercicios anteriores .....	152.375
Artigo 69.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 693.	Investimento de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos .....	7.598.256

**Servicio 06: Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 313.G «Plan Nacional sobre Drogas»</i>	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 292.	Subministracións e material:	
	00 Enerxía eléctrica .....	1.637.436
Total créditos extraordinarios .....		9.769.974.398

**28690** REAL DECRETO-LEI 18/1998, do 11 de decembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 17.995.751.040 pesetas para atender compensacións de taxas universitarias e outros gastos do Ministerio de Educación e Cultura. («BOE» 297, do 12-12-1998.)

O Ministerio de Educación e Cultura, así como os organismos autónomos Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, Consello Superior de Deportes e Xerencia

de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Ciencia, precisan créditos adicionais ós consignados nos seus orzamentos para realizar actuacións e pagamentos que non poden demorarse a exercicios posteriores destinados á compensación de taxas universitarias e outros gastos.

O artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, dispón que, con cargo ós créditos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Deste xeito, mediante os créditos extraordinarios recollidos neste real decreto-lei debe atenderse o pagamento de diversas obrigas procedentes de exercicios anteriores que están pendentes de imputar orzamentariamente e que non poden ser aplicadas ó exercicio corrente por non concorreren nelas os requisitos a que fai referencia o citado artigo 63.

Estas obrigas derivan de compensacións ás universidades pola exención de taxas académicas dos cursos 1995/1996 e 1996/1997, por importe de 8.308.157.066 pesetas, de complementos por méritos docentes e de investigación de profesores da UNED, por importe de 430.813.908 pesetas; da liquidación á Liga Nacional de Fútbol Profesional pola súa participación nas Apostas Deportivas Benéficas de 1997, por importe de 144.264.462 pesetas; de gastos en bens correntes e servizos no Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, por importe de 209.892.721 pesetas; de gastos en bens correntes e servizos, investimentos reais e transferencias de capital na Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Ciencia, por importe de 529.694.846 pesetas, e de gastos en bens correntes e servizos de transferencias correntes en distintos servizos do departamento, por importe de 306.800.618 pesetas.

Por outra banda, mediante os suplementos de crédito trátase de atender obrigas para as que os créditos consignados no orzamento do departamento para 1998 resultan insuficientes. Estas obrigas corresponden a compensacións ás universidades pola exención de taxas académicas do curso 1997/1998, por importe de 6.854.770.908 pesetas; á cota por participación española no Instituto Universitario Europeo, por importe de 124.486.624 pesetas, e a pagamentos pendentes a persoas encargadas do ensino de relixión en centros públicos de educación primaria, segundo o dictado en diversas sentencias, por importe de 1.086.869.887 pesetas.

Dado que as obrigas mencionadas non poden ser aplicadas ó orzamento en vigor, que o seu pagamento non pode atrasarse polo correspondente prexuízo que supón para os terceiros acredores, e que a propia disciplina orzamentaria esixe que non se demore a súa aplicación a orzamento, debe dictarse a oportuna norma con rango de lei para dota-la cobertura crediticia necesaria para a súa cancelación.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e da ministra de Educación e Cultura, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 1998,

## DISPÓÑO :

### Artigo 1.

Para atender obrigas de exercicios anteriores concédense créditos extraordinarios por importe de

9.785.359.159 pesetas no vixente orzamento da Sección 18 «Ministerio de Educación e Cultura», co detalle que se recolle no anexo I.

### Artigo 2.

Para atender obrigas do exercicio 1997, concédese un crédito extraordinario ó orzamento en vigor do organismo 18.101 «Consello Superior de Deportes», por importe de 144.264.462 pesetas, co detalle que se recolle no anexo II.

### Artigo 3.

Para atender obrigas do exercicio en curso, concédense suplementos de crédito, por importe de 8.066.127.419 pesetas, no vixente orzamento da Sección 18 «Ministerio de Educación e Cultura», co detalle que se recolle no anexo III.

### Artigo 4.

1. Os créditos extraordinarios que se conceden no artigo 1 e os suplementos de crédito que se conceden no artigo 3 financiaranse con débeda pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

2. O crédito extraordinario que se concede no artigo 2 financiarase con remanente de Tesourería, segundo se recolle no anexo II.

### Disposición derradeira única.

O presente real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,  
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

## ANEXO I

### CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

#### Servicio 03: Dirección Xeral de Coordinación e de Alta Inspección

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 29.	<i>Programa 421.A «Dirección e Servizos Xerais da Educación»</i>	
Concepto 292.	Obrigas de exercicios anteriores: Subministracións e material: 21 Prensa, revistas, libros e outras publicacións .....	141.440
Concepto 293.	Comunicacións: 01 Postais .....	860.671
Concepto 295.	Gastos diversos: 02 Publicidade e propaganda .....	18.096

### Servicio 04: Dirección Xeral de Programación Económica e Control Orzamentario

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>«Transferencias entre subsectores»</i>	
Artigo 41.	A organismos autónomos administrativos:	
Concepto 419.	Á Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Ciencia, para atender obrigas de exercicios anteriores .....	550.688
Artigo 71.	A organismos autónomos administrativos:	
Concepto 719.	Á Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Ciencia, para atender obrigas de exercicios anteriores .....	529.144.158

### Servicio 05: Dirección Xeral de Persoal e Servicos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 421.A «Dirección e Servicos Xerais da Educación»</i>	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 294.	Tributos:	
	02 Locais .....	40.055.595
Concepto 295.	Gastos diversos:	
	03 Xurídicos, contenciosos .....	73.610.144
	<i>Programa 451.A «Dirección e Servicos Xerais de Cultura»</i>	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 292.	Subministración e material:	
	04 Vestiario .....	3.216.755

### Servicio 06: Secretaría de Estado de Universidades, Investigación e Desenvolvemento

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 422.D «Ensinanzas universitarias»</i>	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 291.	Reparacións e conservación:	
	05 Mobiliario e enxoval .....	27.138
Concepto 297.	Indemnizacións por razón do servico:	
	00 Axudas de custo .....	986.530
	01 Locomoción .....	4.150.090
	03 Outras indemnizacións .....	3.183.000

### Servicio 07: Dirección Xeral de Ensino Superior

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 422.D «Ensinanzas universitarias»</i>	
Artigo 44.	A empresas públicas e outros entes públicos:	
Concepto 441.	Para gastos de funcionamento das universidades:	
	13 Á Universidade de Cantabria, pagamento de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria .....	10.433.698
	19 Á Universidade Nacional de Educación a Distancia, obrigas de exercicios anteriores .....	430.813.908

### Servicio 08: Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento (CICYT)

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 542.A «Investigación Técnica»</i>	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 297.	Indemnizacións por razón do servico:	
	00 Axudas de custo .....	11.000
	01 Locomoción .....	76.325
	03 Outras indemnizacións .....	13.774.000

### Servicio 10: Dirección Xeral de Centros Educativos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 422.A «Educación Infantil e primaria»</i>	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 295.	Gastos diversos:	
	03 Xurídicos, contenciosos .....	51.123.287

### Servicio 11: Dirección Xeral de Formación Profesional e Promoción Educativa

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 423.A «Bolsas e axudas a estudantes»</i>	
Artigo 48.	A familias e institucións sen fins de lucro:	
Concepto 489.	A familias e institucións sen fins de lucro:	
	00 Compensación de taxas universitarias, obrigas de exercicios anteriores .....	8.308.157.066

**Servicio 12: Secretaría de Estado de Cultura**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 29.	<i>Programa 451.A «Dirección e Servicios Xerais de Cultura»</i>	
Concepto 299.	Obrigas de exercicios anteriores: Outros gastos correntes:	
	00 Transportes .....	100.749.888
	<i>Transferencias entre subsectores</i>	
Artigo 41.	A organismos autónomos administrativos:	
Concepto 419.	Ó Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, para atender obrigas de exercicios anteriores ...	209.892.721

**Servicio 13: Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 29.	<i>Programa 453.A «Museos»</i>	
Concepto 292.	Obrigas de exercicios anteriores: Subministracións e material:	
	03 Combustible .....	2.054.991
Concepto 293.	Comunicacións:	
	00 Telefónicas .....	2.219.167
Concepto 299.	Outros gastos correntes:	
	00 Transportes .....	108.803
	Total de créditos extraordinarios .....	9.785.359.159

**REPERCUSIÓN NO ORGANISMO AUTÓNOMO 18.103 «XERENCIA DE INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS DE EDUCACIÓN E CIENCIA»****ORZAMENTO DE INGRESOS**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 40.	Da Administración do Estado:	
Concepto 409.	Do Ministerio de Educación e Cultura .....	550.688
Artigo 70.	Da Administración do Estado:	
Concepto 709.	Do Ministerio de Educación e Cultura .....	529.144.158
	Total de ingresos do organismo autónomo 18.103 .....	529.694.846

**ORZAMENTO DE GASTOS**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 29.	<i>Programa 421.A «Dirección e Servicios Xerais de Educación»</i>	
Concepto 297.	Obrigas de exercicios anteriores: Indemnizacións por razón do servicio:	
	00 Axudas de custo .....	105.515
	01 Locomoción .....	445.173
	<i>Programa 422.A «Educación Infantil e Primaria»</i>	
Artigo 76.	A corporacións locais:	
Concepto 769.	Convenios con corporacións locais para obras, reformas, melloras e equipamento de centros de educación infantil e EXB-primaria, obrigas de exercicios anteriores .....	50.000.000
	<i>Programa 422.D «Ensinanzas universitarias»</i>	
Artigo 69.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 692.	Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servicios .....	57.044.259
Concepto 693.	Investimento de reposición asociado ó funcionamento operativo dos servicios .....	371.022.660
	<i>Programa 422.F «Ensinanzas artísticas»</i>	
Artigo 69.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 692.	Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servicios .....	45.987.218
	<i>Programa 422.I «Educación no exterior»</i>	
Concepto 692.	Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servicios .....	5.090.021
	Total de gastos do organismo autónomo 18.103 .....	529.694.846

**REPERCUSIÓN NO ORGANISMO AUTÓNOMO 18.104 «MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE "RAÍÑA SOFÍA"»****ORZAMENTO DE INGRESOS**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 40.	Da Administración do Estado:	
Concepto 409.	Do Ministerio de Educación e Cultura .....	209.892.721
	Total de ingresos do organismo autónomo 18.104 .....	209.892.721

## ORZAMENTO DE GASTOS

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 453.A «Museos»</i>	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores:	
Concepto 290.	Arrendamentos:	
	05 Mobiliario e enxoval .....	2.257.796
	06 Equipos para proceso de información .....	293.734
	09 Canons .....	29.000
	99 Outro inmovilizado material ...	32.726
Concepto 291.	Reparacións e conservación:	
	02 Edificios e outras construcións .....	60.259.259
	03 Maquinaria, instalacións e utensilios .....	6.214.908
	04 Elementos de transporte .....	22.433
	05 Mobiliario e enxoval .....	860.402
	06 Equipos para proceso da información .....	1.111.192
	99 Outro inmovilizado material ...	42.456
Concepto 292.	Subministracións e material:	
	01 Auga .....	1.377.394
	03 Combustible .....	18.200
	04 Vestiario .....	167.209
	06 Productos farmacéuticos .....	35.435
	20 Material de oficina ordinario non inventariable .....	10.036.623
	21 Prensa, revistas, libros e outras publicacións .....	660.207
	22 Material informático non inventariable .....	209.671
	99 Outros .....	24.770.824
Concepto 293.	Comunicacións:	
	00 Telefónicas .....	3.220.081
	01 Postais .....	681.692
	99 Outras .....	205.504
Concepto 294.	Tributos .....	684.358
Concepto 295.	Gastos diversos:	
	01 Atencións protocolarias e representativas .....	149.939
	02 Publicidade e propaganda .....	158.223
	06 Reunións e conferencias .....	12.978.997
	99 Outros gastos diversos .....	2.333.732
Concepto 296.	Traballos realizados por outras empresas e profesionais:	
	00 Limpeza e aseo .....	58.000
	01 Seguridade .....	41.685
	06 Estudos e traballos técnicos ..	64.911.130
	99 Outros traballos .....	361.826
Concepto 297.	Indemnizacións por razón do servizo:	
	00 Axudas de custo .....	1.297.308
	01 Locomoción .....	2.587.903
Concepto 298.	Gastos de edición e distribución de publicacións .....	4.791.014
Concepto 299.	Outros gastos correntes:	
	00 Transportes .....	5.613.391
	01 Primas de seguros .....	1.418.469
Total de gastos do organismo autónomo 18.104.		209.892.721

## ANEXO II

## CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO

## Organismo 101 «Consello Superior de Deportes»

## ORZAMENTO DE GASTOS

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 457.A «Fomento e apoio das actividades deportivas»</i>	
Artigo 48.	A familias e institucións sen fins de lucro:	
Concepto 480.	Á Liga Nacional de Fútbol Profesional, para a reestructuración e o saneamento do fútbol profesional e a seguridade nos campos de fútbol .....	144.264.462
Total .....		144.264.462

## FINANCIAMENTO DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO

## ORZAMENTO DE INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 87.	Remanente de Tesourería:	
Concepto 870.	Remanente de Tesourería .....	144.264.462
Total .....		144.264.462

## ANEXO III

## CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

## Servicio 05: Dirección Xeral de Persoal e Servizos

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 422.A «Educación infantil e primaria»</i>	
Artigo 48.	A familias e institucións sen fins de lucro:	
Concepto 482.	Á Conferencia Episcopal para facer efectivo o ensino da relixión católica nos colexios públicos de EXB .....	1.086.869.887

## Servicio 06: Secretaría de Estado de Universidades, Investigación e Desenvolvemento

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<i>Programa 422.D «Ensinanzas universitarias»</i>	
Artigo 49.	Ó exterior:	
Concepto 490.	Cota pola participación no Instituto Universitario Europeo .....	124.486.624

### Servicio 11: Dirección Xeral de Formación Profesional e Promoción Educativa

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 48.	<i>Programa 423.A «Bolsas e axudas a estudantes»</i> A familias e institucións sen fins de lucro:	
Concepto 485.	Compensación taxas universitarias .....	6.854.770.908
Total suplementos de crédito .....		8.066.127.419

(Este real decreto-ley inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 300, de data 16 de decembro de 1998).

**28691** REAL DECRETO-LEI 19/1998, do 11 de decembro, polo que se autoriza a concesión dun anticipo de tesourería á Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis (Renfe) por un importe de 30.000 millóns de pesetas, a conta do financiamento que resulte do convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria que se vai subscribir entre o Estado e Renfe. («BOE» 297, do 12-12-1998.)

O contrato-programa Estado-Renfe 1994-1998 conclúe a súa vixencia o 31 de decembro de 1998, sen que se estipule nel a posibilidade de prórroga. No devandito contrato-programa intégrase, coa mesma vixencia, o convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria, en virtude do cal Renfe se fai cargo da xestión e do mantemento da referida infraestrutura.

O estado actual de tramitación do novo contrato-programa fai necesario prever un sistema transitorio que permita garanti-la necesaria continuidade dos traballos de xestión e mantemento da infraestrutura ferroviaria, no período de tempo comprendido entre o inicio do próximo exercicio e a data en que se aproba o novo contrato-programa.

Nestes momentos non existe ningunha organización distinta da propia Renfe que poida facerse cargo deses traballos, polo que parece oportuno que os siga levando a cabo dado que deben efectuarse sen solución de continuidade para permiti-la adecuada prestación dos servicios de transporte ferroviario. Renfe ten adquiridos compromisos tendentes ó logro destes obxectivos, a cobertura financeira dos cales esixe dispoñer de recursos durante o tempo en que deba acometer estas actuacións sen estar aprobado o novo contrato-programa e o con-

venio de referencia; por iso, deberá ser dotada dos oportunos medios financeiros por parte do Estado, responsable último da xestión e do mantemento das infraestructuras ferroviarias.

Se ben no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 1999 figura un crédito para financiar as obrigas derivadas do convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria, o seu libramento está condicionado á subscrición do propio convenio que formará parte do novo contrato-programa.

En consecuencia, polos argumentos expostos nos parágrafos anteriores, considérase necesario e urxente autoriza-la concesión dun anticipo de tesourería que se lle satisfará a Renfe, por importe de 30.000 millóns de pesetas, en concepto de entrega a conta do financiamento que, con destino á cobertura das obrigas derivadas dos traballos de xestión e mantemento da infraestrutura ferroviaria, figurará consignada nos orzamentos xerais do Estado para 1999. Esta autorización debe instrumentarse mediante norma con rango de lei para se poder facer efectiva, conforme o disposto no artigo 43 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda e do ministro de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 1998,

#### DISPONGO:

##### Artigo 1.

Para o financiamento dos gastos de xestión e mantemento da infraestrutura ferroviaria, autorízase a concesión dun anticipo de tesourería que será satisfeito polo Estado á Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis con carácter de a conta das achegas que resulten do convenio de xestión da infraestrutura ferroviaria, que se subscribirá entre o Estado e Renfe.

##### Artigo 2.

O importe do anticipo regularizarase, unha vez subscrito o indicado convenio, con cargo ó crédito que para a indicada finalidade figure consignado nos orzamentos xerais do Estado para 1999.

##### Disposición derradeira única.

O presente real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,  
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ